

Resolución reitoral de corrección de erros da resolución reitoral do 13 de marzo de 2024 pola que se convocan “Premios á Excelencia Académica” para estudantes que inician estudos de doutoramento na Universidade de Vigo no curso académico 2023/2024.

1.- Detectado erro nas bases 5.3.1, na 5.3.3 e na 6.a) da convocatoria “Premios á Excelencia Académica” para estudantes que inician estudos de doutoramento na Universidade de Vigo no curso académico 2023/2024.

Visto o artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

ESTA REITORÍA RESOLVE

1.- Modificar as devanditas bases, corrixindo na base 5.3 o punto 1 e o link do punto 3, que queda redactada do seguinte xeito:

1. *No caso de estudos de grao, licenciatura, arquitectura, enxeñaría, diplomatura ou enxeñaría técnica cursados nunha universidade distinta á Universidade de Vigo deberán presentar a certificación académica oficial dos estudos que lle dan acceso ao programa de doutoramento.*

3 <https://www.universidades.gob.es/equivalencia-de-notas-medias-de-estudios-universitarios-realizados-en-centros-extranjeros/>

2.- E modificar o punto 6.a) quedando redactado do seguinte xeito:

a) A nota media do expediente académico de grao, licenciatura, arquitectura, enxeñaría, diplomatura ou enxeñaría técnica, de cada solicitante dividida entre nota media da titulación.

3.- Ampliar o prazo de solicitudes ata o día 7 de maio ás 23:59 horas

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 31/10/23 (DOG 10/11/23)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Natalia Caparrini Marín

